



APROBADO NA SESIÓN PLENARIA
ORDINARIA DO DÍA 24 DE MAIO DE 2018



ANEXO I Declaración do Concello de Santiago de Compostela en materia de antifraude

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela, entidade beneficiaria das operacións a cofinanciar no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) e Organismo Intermedio únicamente aos efectos da selección de operacións do Programa Operativo de Crecemento Sostible do FEDER 2014-2020, suscribe a declaración institucional en materia de antifraude, que manifesta:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL"

Un dos principais obxectivos de cara a dito período é reforzar, dentro do ámbito das súas competencias, a política antifraude no desenvolvemento das súas funcións. Por iso, o Concello de Santiago de Compostela quere manifestar o seu compromiso cos estándares máis altos no cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e a súa adhesión aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de maneira que a súa actividade sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con ela como oposta á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Todos os membros do seu equipo directivo asumen e comparten este compromiso.

Por outro lado, o persoal que integra o Concello de Santiago de Compostela ten, entre outros deberes, "actuar con arranxo aos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental, e respecto á igualdade entre mulleres



APROBADO NA SESIÓN PLENARIA
ORDINARIA DO DÍA 24 DE MAIO DE 2018



e homes" (Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 52).

O obxectivo desta política é promover dentro da organización unha cultura que rexeite toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión destes supostos. Así, entre outras medidas, o Concello de Santiago de Compostela dispón dun procedemento para declarar as situacións de conflito de intereses.

As funcións do Concello de Santiago no marco da EDUSI serán asumidas pola Comisión de Avaliación da Fraude, unidade que contará a estes efectos cun equipo de avaliación de riscos, para a revisión e actualización periódica da política antifraude, así como o seguimento dos resultados.

A articulación e coordinación das diferentes medidas que se impulsen de loita contra a fraude realizarase desde a Oficina de Coordinación EDUSI Santiago.

Tamén conta coa colaboración das diferentes persoas responsables e xestoras de procesos para asegurar que existe un adecuado sistema de control interno dentro das súas respectivas áreas de responsabilidade e garantir, no seu caso, a debida dilixencia na implementación de medidas correctoras.

A partir das verificacións e os controis realizados nas fases previas pola Comisión de Avaliación da Fraude do Concello de Santiago, a Oficina de Coordinación EDUSI dispón tamén, pola súa parte, dun sistema que rexistra e almacena a información precisa de cada operación para garantir a fiabilidade e regularidade en relación co gasto.

O Concello de Santiago porá en marcha medidas eficaces e proporcionadas de loita contra a fraude, baseadas na avaliación do risco de fraude que se realizará ao efecto. Adicionalmente, contarase con procedementos para denunciar aquelas irregularidades ou sospeitas de fraude que puidesen detectarse, ben a través dos canais internos de notificación ben directamente á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF). Todos os



APROBADO NA SESIÓN PLENARIA
ORDINARIA DO DÍA 24 DE MAIO DE 2018



"Unha maneira de facer Europa"

informes trataranse na máis estrita confidencialidade e de acordo coas normas que regulan esta materia.

En definitiva, o Concello de Santiago de Compostela ten unha política de tolerancia cero fronte á fraude e a corrupción e estableceu un sistema de control robusto, deseñado especialmente para previr e detectar, na medida do posible, os actos de fraude e correxir o seu impacto, no caso de producirse.

Esta política e todos os procedementos e estratexias pertinentes contan co apoio do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, creado por Real Decreto 802/2014, de 19 de setembro (BOE de 26), co que revisa e actualiza esta política de forma continua."

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Polo Grupo Municipal de CA

Polo Grupo Municipal do PP

Polo Grupo Municipal do PsdeG-PSOE

Polo Grupo Municipal do BNG